



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

17 MAR. 2024 16:57:09

Entrada **17309**

Pregunta con respuesta escrita

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita**.


O BOE publicaba o pasado 6 de marzo a Resolución do 5 de marzo de 2024, da Secretaría Xeral de Pesca, pola que se establecen disposicións adicionais de ordenación da pesqueira da xarda («Scomber scombrus») das zonas 8c e 9a para os buques da frota doutras artes distintas ao arrastre e cerco con porto basee na provincia de Lugo, así como tamén a correspondente á provincia de Pontevedra.

Así mesmo, o 15 de marzo publicábase a Resolución do 13 de marzo de 2024, da Secretaría Xeral de Pesca, pola que se establecen disposicións adicionais de ordenación da pesqueira da xarda («Scomber scombrus») das zonas 8c e 9a para os buques da frota doutras artes distintas ao arrastre e cerco con porto basee na provincia da Coruña.

En todas estas resolucións contense un Anexo final coa Listaxe de barcos que poden facer pesca dirixida e topes de captura en quilos de xarda para a campaña 2024 e os correspondentes portos basee.

Na relación de portos utilízanse nomes incorrectos e deturpados en lugar dos topónimos oficiais deses lugares que, como establece a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística no seu artigo 10.1, teñen como única forma oficial a galega.

Por tanto, non existen os portos de “Lage, Finisterre, Vivero, Cillero, A Guardia, Bayona, El Grove, Sanxenjo, ou Mugia”, ou, cando menos, non están





situados na Galiza. Por tanto, é necesario que o Ministerio cumpra coa legalidade establecida e que corrixa as citadas resolucións para utilizar os topónimos oficiais de Laxe, Fisterra, Viveiro, Celeiro, A Guarda, Baiona, O Grove, Sanxenxo ou Muxía.

1. Cumprirá coa Lei de Normalización Lingüística e utilizará os topónimos oficiais en galego?
2. Asegurarase de que este erro non se produza no futuro novamente? Que medidas adoptará para logralo?

Madrid, a 17 de marzo de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita.**

El BOE publicaba el pasado 6 de marzo la Resolución de 5 de marzo de 2024, de la Secretaría General de Pesca, por la que se establecen disposiciones adicionales de ordenación de la pesquería de la caballa («Scomber scombrus») de las zonas 8c y 9a para los buques de la flota de otras artes distintas al arrastre y cerco con puerto base en la provincia de Lugo, así como también la correspondiente a la provincia de Pontevedra.

Así mismo, el 15 de marzo se publicaba la Resolución de 13 de marzo de 2024, de la Secretaría General de Pesca, por la que se establecen disposiciones adicionales de ordenación de la pesquería de la caballa («Scomber scombrus») de las zonas 8c y 9a para los buques de la flota de otras artes distintas al arrastre y cerco con puerto base en la provincia de A Coruña.

En todas estas resoluciones se contiene un Anexo final con el Listado de barcos que pueden hacer pesca dirigida y topes de captura en kilos de caballa para la campaña 2024 y los correspondientes puertos base.

En la relación de puertos se utilizan nombres incorrectos y deturpados en lugar de los topónimos oficiales de esos lugares que, como establece la Ley 3/1983, de 15 de junio, de normalización lingüística en su artículo 10.1, tienen como única forma oficial la gallega.

Por lo tanto, no existen los puertos de “Lage, Finisterre, Vivero, Cillero, La Guardia, Bayona, El Grove, Sanjenjo, o Mugia”, o, cuando menos, no están situados en Galiza. Por lo tanto, es necesario que el Ministerio cumpla con la



legalidad establecida y que corrija las citadas resoluciones para utilizar los topónimos oficiales de Laxe, Fisterra, Viveiro, Celeiro, A Guarda, Baiona, O Grove, Sanxenxo o Muxía.

1. ¿Cumplirá con la Ley de Normalización Lingüística y utilizará los topónimos oficiales en galego?
2. ¿Se asegurará de que este error no se produzca en el futuro nuevamente?
¿Qué medidas adoptará para lograrlo?

Madrid, a 17 de marzo de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso